

# CERTAME LITERARIO: “CANDO REMATE ESTE PESADELO...”

- 1. Temática:** A temática deste certame está relacionada co final desta pandemia. Trátase de ver a escrita como unha ferramenta para poder evadirnos do actual confinamento que nos ata ás nosas casas coma se fosen gaiolas. Intenta transmitir unha mensaxe de esperanza ou de como desta pandemia podemos aprender como sociedade!
- 2. Idioma:** A obra redactarase en LINGUA GALEGA.
- 3. Categorías:**
  - ❖ CATEGORÍA INFANTIL A (5º e 6º de E. Primaria do CEIP Avelino Díaz de Meira e do CEIP Rosalía de Castro de Pol).
  - ❖ CATEGORÍA INFANTIL B (1º e 2º da ESO do IES Pedregal de Irimia).
  - ❖ CATEGORÍA XUVENIL A (3º e 4º da ESO do IES Pedregal de Irimia).
  - ❖ CATEGORÍA XUVENIL B (1º e 2º de BAC do IES Pedregal de Irimia).
  - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (ex-alumn@s, ex-traballadores/as do centro e familiares, veciñ@s, amigos do actual alumnado).
- 4. Modalidade:** microrelato (como máximo unha páxina escrito).
- 5. Presentación:** cada participante poderá presentar un só traballo (non premiado noutro certame literario). Entregaranse ao correo electrónico: [bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com](mailto:bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com) (mecanografados, non escaneados). No corpo do correo ten que indicarse a categoría na que se participa, o título do traballo, o nome e apelidos e un teléfono de contacto. A maiores, se o participante é alumno/a ten que indicar o curso no que está matriculado, se é ex-alumn@ ou ex-traballador/a ten que indicar o grao de relación que tivo co centro (alumno/a, profesor/a, limpador/a...) e o ano no que abandonou o IES Pedregal de Irimia e de tratarse dalgún coñecido do alumnado actual o nome do alumno/a e o grao de relación (nai, avó, madriña, amigo...) con el/a. Neste correo achegarase a obra en formato “word” ou “writer” e nela non aparecerá o nome do participante (só título e texto). O responsábel da biblioteca actuará como secretario do certame (sen voto) facilitándolles aos membros do xurado as obras e custodiando a identidade dos participantes ata a resolución dos/as gañadores/as.
- 6. Prazo:** o prazo de entrega rematará o día 17 de maio de 2020, día das Letras Galegas.
- 7. Premios:** en cada categoría establécese un único premio, podendo outorgar algún accésit se o xurado o considerara necesario.

Cada premio consistirá nun agasallo conmemorativo, un lote de libros e o correspondente diploma acreditativo. Os traballos premiados serán publicados na revista Latexos nº 27.

- 8.** **Xurado:** estará composto por:
  - ❖ A directora do IES Pedregal de Irimia (ou persoa en quen delegue).
  - ❖ O responsábel do Equipo de Dinamización Lingüística (ou persoa en quen delegue).
  - ❖ Un profesor/a do do CEIP Avelino Díaz e outro do CEIP Rosalía de Castro.
- 9.** **Entrega de premios:** a cerimonia de entrega de premios realizarase cando a situación actual, por mor do COVID-19, o permita.
- 10.** **Outros:** A presentación de traballos ao certame supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. O IES Pedregal de Irimia resérvase os dereitos de publicación das obras premiadas. Se o autor/a publica o microrrelato noutro medio terá que indicar que foi premiado no presente certame.

## **ORGANIZA: IES PEDREGAL DE IRIMIA**



**COLABORAN: CONCELLO DE MEIRA, ÁREA DE CULTURA DA DEPUTACIÓN DE LUGO, CEIP AVELINO DÍAZ DE MEIRA E CEIP ROSALÍA DE CASTRO DE POL**